

Antón Costa Rico, escritor: "O importante para Viqueira é a formación do carácter e a personalidade do alumnado"

Antón Costa Rico (Castellar de la Frontera, Cádiz, 1952) analiza en *Johán Vicente Viqueira López. Un esclarecido e singular humanista galego* (Xunta da Galiza) o pensamento filosófico e a traxectoria deste intelectual galego da Xeración do 14 que revisa a idea da Galiza como comunidade humana.

Sergio Casal 6 de febreiro de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/anton-costa-rico-escriptor/20260206083113246522.html>

—Cales son as principais cuestións filosóficas que afronta Viqueira como pensador?

Está moi ligado ás cuestións filosóficas e psicolóxicas. A conciencia humana, a ética e a estética incluso. Os seres humanos somos actividade e dinamismo, un feixe de posibilidades e creatividade que debemos desenvolver con outras persoas, en comunidade. A partir desas ideas hai un substrato filosófico influído polo neokantismo marburguense e, particularmente, polo filósofo alemán Paul Natorp, que fala bastante da construción de comunidades humanas e faino en clave idealista.

—Que aspectos do pensamento humanista de Viqueira resultan máis destacábeis?

Tendo en conta o anterior, el di que Galiza tamén é unha comunidade humana. El é membro da institución libre de ensinanza e as persoas ligadas a esta institución teñen un fondo de conexión filosófica con outro filósofo alemán que é Krause. A tradución dos seus textos de alemán fíxose ao español cun título que é *El ideal de la humanidad*. Hai unha idea de que o conxunto da humanidade é moi orgánico entre si. Son pezas e momentos de realización progresiva a unha superior humanización.

—Que ideas articulan a visión da Galiza que propón Viqueira?

El traslada os elementos básicos da súa visión filosófica e psicolóxica (as persoas son conciencia, desenvolvemento espiritual e dinamismo) o territorio concreto e tamén á educación que se debe facer na Galiza. El respecta moito a individualidade, pero para el as persoas non deixan de vivir en comunidade. Hai unha dialéctica positiva entre a individualidade e o territorio.

—Como entendía el a relación entre educación e transformación social?

Sabemos pouco sobre a súa docencia no instituto da Coruña. A testemuña máis clara deixouna nun dos seus libros de texto, no que dá a entender como era un mestre de filosofía, psicoloxía e

ética que favorecía extraordinariamente o pensamento e a composición de lugar para cada un dos seus alumnos. O importante para Viqueira é a formación do carácter e da personalidade que adquire o seu alumnado a través dos contidos que imparte.

—Que lugar ocupa a lingua na súa concepción cultural e política?

Un lugar absolutamente central na Galiza. Probabelmente el deu as clases en español, obviamente hai que pór as cousas no seu contexto. El é militante pola lingua con absoluta demostración nos textos que publica n'*A Nosa Terra*. É conferenciante sobre como construír un ensino na Galiza e en lingua galega. O país forma parte do ser e da existencia e do desenvolvemento das persoas. Ese desenvolvemento leva consigo a lingua. doutro modo sería unha comunidade que estaría fóra de si.

—Que pode aprender hoxe a sociedade galega dun intelectual como Viqueira?

Apertura internacional, formación intelectual e académica. En definitiva, o estudo dos problemas e a proxección do presente e do futuro do país e da sociedade. Perspectiva de reforma social e dunha sociedade democrática e atenta ás maiorías. E unha sociedade que achega, reconciliada consigo mesma na historia, na lingua e na cultura.